

Resolución definitiva da V convocatoria para a avaliación e o recoñecemento de grupos de innovación docente (GID) da Universidade da Coruña (UDC)

Ao amparo da normativa de avaliación e recoñecemento de GID¹, o 15 de xuño de 2023 publicouse na Sede Electrónica da UDC a V convocatoria para a avaliación e o recoñecemento dos GID da UDC². Segundo establece o apartado 7 da convocatoria, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas segundo os termos da convocatoria, a Comisión Asesora de Innovación Docente (CAID) emitiu unha valoración de acordo coas directrices de avaliación establecidas na normativa de GID e os criterios indicados no Anexo I da convocatoria.

O 10 de abril de 2024 publicouse a proposta de resolución provisional na Sede Electrónica da UDC³. Transcorrido o prazo de reclamacións, a CAID analizou as reclamacións presentadas e acordou publicar esta resolución definitiva na Sede Electrónica da UDC. No Anexo I inclúese a relación de todas as solicitudes avaliadas. Para cada solicitude indícanse a sigla e o nome do GID, a persoa que o coordina e o resultado da avaliación nos termos especificados no artigo 7 da convocatoria.

Contra esta resolución cabe interpoñer un recurso de alzada ante a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación da resolución na Sede Electrónica da UDC.

A Coruña, na data da sinatura dixital.

José Antonio García Naya

Presidente da CAID

¹ https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2023/011165

² https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2023/012033

³ https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2024/002788

Código Seguro De Verificación	YV70/Mvy5u9edxQ2iu15sg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio García Naya	Asinado	26/04/2024 11:57:19
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/YV70/Mvy5u9edxQ2iu15sg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Anexo I. Relación de solicitudes avaliadas e resultado da avaliación

ID	Sigla	Nome	Coordinador/a	Resultado ¹
1	ANTENA	Grupo Interdisciplinar de Innovación Educativa en Ciencias	María José González Castro	GID consolidado
2	DI DERECHO Y NAVEGACIÓN	Docencia interdisciplinar Derecho y Navegación Marítima	Angélica Díaz De La Rosa	GID en vías de consolidación
3	GID_Enfermaria_UDC	GID_Enfermería_UDC	Carmen Coronado Carvajal	GID consolidado
4	GIDGA	Grupo de innovación docente de género y arquitectura	María Emma López Bahut	GID consolidado
5	GIDIPaX	Grupo de innovación docente interdisciplinar con perspectiva de xénero	Laura Milagros Castro Souto	GID consolidado
6	Grupo AEIOU	Grupo de construcción activo, experimental, innovador, orientador e universitario	Fernando Martínez Abella	GID consolidado
7	IDEA-TE	Innovación docente na ensinanza-aprendizaxe do territorio	María José Andrade Suárez	GID consolidado
8	idMARKA	Grupo de innovación docente en marketing aplicado	Clide Rodríguez Vázquez	GID consolidado
9	INORGe	Innovación organización de empresas	Manuel Martínez Carballo	GID consolidado

1: Segundo se indica no apartado 7 da convocatoria:

- GID consolidado: puntuación de cando menos 50 puntos.
- GID en vías de consolidación: puntuación de cando menos 30 puntos e inferior a 50 puntos.
- GID desestimado: puntuación inferior a 30 puntos.

Código Seguro De Verificación	YV70/Mvy5u9edxQ2iu15sg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio García Naya	Asinado	26/04/2024 11:57:19	
Observacións		Páxina	2/2	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/YV70/Mvy5u9edxQ2iu15sg==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

